

ACTA DA SESIÓN celebrada **POLA COMISIÓN AVALIADORA** nomeada por Resolución de Alcaldía Presidencia núm. 120/2023 para a valoración dos méritos da fase de concurso para a provisión dunha praza de persoal laboral fixo de **CONDUTOR/A ENCARGADO/A DA MAQUINARIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CERDIDO**, incluída na oferta de emprego público do Concello de Cerdido 2021, complementaria, para estabilización do emprego temporal en aplicación do disposto na Disposición Adicional sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público mediante concurso.

Expediente 2023/E001/000002

Reúnese na Casa Consistorial do Concello de Cerdido en data 24 de maio do 2023 as 19:50 horas a Comisión Avaliadora constituída polo Presidente Manuel Larrosa Rodríguez (Secretario-Interventor do Concello de Ares), a Secretaria Yolanda Ares Bao (Tesoureira do Concello de Cedeira), as vogais Montserrat Rodríguez Sánchez (Administrativa do Concello de Ares), María Concepción Dragó Porta (Administrativa do Concello de Ares) e Isabel Margharetto Rodríguez (ADL do Concello de Ares) para valorar os méritos do sistema de concurso para a cobertura en propiedade de unha praza de persoal laboral fixo de Condutor/a en cargo/a de maquinaria municipal do Concello de Cerdido.

Establece o apartado Décimo Primeiro das Bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Cerdido incluídas na Oferta de emprego Público Extraordinaria de 2022, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 317/2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 246 de data 29 de decembro do 2022, que o concurso consistirá na valoración dos méritos acreditados polos aspirantes que deberán xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas.

Valoraranse con carácter xeral os seguintes criterios:

a) Experiencia profesional.

- *Por cada mes completo, ou fracción superior a 15 días, de servizos prestados no ámbito da entidade local convocante, na praza convocada ou equivalente 0.95 puntos.*
- *Por cada mes completo, ou fracción superior a 15 días, de servizos prestados, no ámbito doutra entidade local distinta da convocante, en praza igual ou equivalente á convocada 0.70 puntos, acreditado mediante o correspondente certificado do organismo ou ente público competente.*
- *Por cada mes completo ou fracción superior a 15 días de servizos prestados no ámbito doutras administracións públicas en postos iguais ou equivalentes ao convocado 0.30 puntos que se acreditara mediante certificación expedida polo organismo público correspondente.*

- *Por cada mes completo, ou fracción superior a 15 días, de servizos prestados en empresa pública en posto igual ou equivalente ao convocado 0.10 puntos, que deberá ser suficientemente acreditado a través de informe de vida laboral e contratos de traballo.*

Os efectos das presentes bases por servizos prestados entenderanse os realizados en virtude de contrato laboral ou administrativo. Serán aceptados aqueles documentos que acrediten de forma fidedigna a experiencia profesional.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral temporal ou indefinido non fixo ou condición de persoal funcionario interino en calquera das súas modalidades.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados.

A máxima puntuación a obter neste apartado a) é de 60 puntos.

b) Formación académica e non académica

- *Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación, recibidos e/ou impartidos, acreditados ata a data de publicacións desta convocatoria, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do Corpo ó que se pretende acceder e que teñan sido convocados, impartidos ou homologados polas Administracións Públicas ou por Organizacións Sindicais ou outros axentes promotores dentro do marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega (superior o establecido como requisito para tomar parte na convocatoria), relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención o cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.*
 - *Menos de 10 horas de duración: 10,00 puntos.*
 - *De 10 a 39 horas de duración: 20,00 puntos.*
 - *De 40 a 49 horas de duración: 30,00 puntos.*
 - *De 50 horas ou máis: 40,00 puntos.*
 - *Linguaxe administrativo medio: 5,00 puntos.*
 - *Linguaxe administrativo superior: 10,00 puntos.*

En tódolos casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se teña repetido a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración. Así mesmo, non se valorarán os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

A documentación que acredite os cursos de formación a valorar acompañarase ó certificado de requisitos e méritos.

- *Título: Acreditacións académicas oficiais, que non se correspondan coa titulación mínima esixida para acceder ó proceso de selección e que se relacionen co campo de acción da praza a estabilizar, a puntuación que corresponde neste apartado será, por titulacións distintas á mencionada:*
- *Titulación académica superior ó nivel requirido para o acceso ó proceso selectivo de estabilización: 5,00 puntos.*

A máxima puntuación a obter neste apartado referido á formación académica e non académica é de 40,00 puntos.

En virtude do disposto, a Comisión avaliadora analiza os méritos achegados polas persoas aspirantes, indicativo do grao de coñecemento e a practica no desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto da convocatoria, así como dos procedementos, tarefas, condicións, e medios necesarios para o seu axeitado desempeño, acordando outorgar as seguintes puntuacións:

PERSOAS ADMITIDAS				
NOME E APELIDOS	DNI	Experiencia profesional	Formación académica e non académica	TOTAL
Ferreiro Novo, Jesús Manuel	***1577**	5,60	40	45,60
González Rodríguez, Manuel Jose	***1719**	0	40	40
Puentes González, Jose Herminio	***8376**	60	40	100
Ramos Rivera, Julián	***9177**	0	40	40
Sedes Tengido, Juan José	***7316**	0	40	40
Tojeiro Bello, Miguel	***1260**	23,80	40	63,80

Determinada a cualificación final dos aspirantes, a Comisión avaliadora fai pública a seguinte relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cerdido e na páxina web municipal, deixando constancia que as persoas aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación para formular alegacións.



PERSOAS ADMITIDAS					
Orde	NOME E APELIDOS	DNI	Experiencia profesional	Formación académica e non académica	TOTAL
1	Puentes González, Jose Herminio	***8376**	60	40	100
2	Tojeiro Bello, Miguel	***1260**	23,80	40	63,80
3	Ferreiro Novo, Jesús Manuel	***1577**	5,60	40	45,60
4	González Rodríguez, Manuel Jose	***1719**	0	40	40
5	Ramos Rivera, Julián	***9177**	0	40	40
6	Sedes Tengido, Juan José	***7316**	0	40	40

Asinase a presente Acta da sesión do Tribunal cualificador para a valoración dos méritos da fase de concurso para a provisión dunha praza de persoal laboral fixo de CONDUCTOR/A ENCARGADO/A DA MAQUINARIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CERDIDO, incluída na oferta de emprego público do Concello de Cerdido 2021.